



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO (ACTUALMENTE CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES) E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS, CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES, DO ALUMNADO DA UDC NOS ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA A INCLUSIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL DO ALUMNADO QUE REALICE PRÁCTICAS FORMATIVAS OU PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS INCLUÍDAS EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura prevé formalizar coa Universidade da Coruña a addenda ao instrumento convencional arriba referido para a inclusión no Sistema da Seguridade Social do alumnado da UDC que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

En virtude da addenda ao convenio asinada o 9 de maio de 2023 acordase prorrogar o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, do alumnado das facultades da UDC que figuran no anexo II do convenio nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por un novo período de catro anos tras o remate da vixencia do convenio obxecto da prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa Universidade da Coruña ten por obxecto a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de A Coruña das titulacións da Facultade de Ciencias da Comunicación, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Socioloxía, Escola Universitaria de Turismo do Campus de A Coruña e a Facultade de Humanidades e Documentación do Campus de Ferrol nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades





para dar satisfacción ás demandas de formación práctica do alumnado universitario da UDC.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:

Primeiro:

A colaboración entre arquivos, bibliotecas e museos, centros dependentes e xestionados pola consellería e as universidades é unha práctica cada vez máis estendida, dada a complementariedade existente entre o ensino regulado da universidade e a acción didáctica informal, pero continua, dos centros mencionados.

O contido das prácticas proporciona ao alumando universitario a oportunidade de combinar os coñecementos teóricos cos de contido práctico, adquirindo as competencias necesarias para a súa inserción no mundo laboral cun mínimo de experiencia.

O Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, veu a engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, no que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Polo tanto é necesario modificar o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de A Coruña, asinado o 5 de agosto de 2019, para a realización de prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, do alumnado das facultades da UDC mencionadas que figuran no anexo II do convenio nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para regular a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado.

Segundo: A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos seus ámbitos de competencias, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural.





Este addenda **carece de repercusión económica** polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da addenda ao convenio mencionado con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

